

O GALEGO, UNHA LINGUA INTERNACIONAL!!!

A miña relación co galego comezou dende ben novo, na aldea na que pasei tantas e tantas fins de semana, e na cal fun aprendendo e empapándome dos costumes e identidades da que é A MIÑA TERRA, alí non só aprendín unha lingua, alí aprendín moitas das cousas que fan a Galicia única e distinta, cunha riqueza que debemos saber valorar e coidar como o que é, o noso máis prezado ben.

O galego tornou na miña lingua cada fin de semana, e entre corredoiras e valados, fun tamén dando as miñas primeiras carreiras como atleta, xogando ó que co tempo tornaría na miña profesión. Unha profesión que me leva a viaxar por moitas cidades do mundo, pero non podo negar a presenza sempre dun sentimento que din é noso... A MORRIÑA!, e que me fai dar-me máis e máis conta do fondo que é o amor por Galicia.

Nunha destas viaxes, o destino levoume a Luanda, capital de Angola; deime conta do internacional que é a nosa lingua, alí falei galego a miles de kms da terra do meu corazón, e grazas a el, puiden aprender un pouco máis deste increíble país e mailas súas xentes. Ó igual que en Angola, o galego fíxome poder ter sempre grandes amigos en Portugal ou Brasil, e así abríreme portas ás distintas culturas que teñen coma nós, unha lingua nai que nos une, a lingua galega.

O que non podo deixar de sentir, cada unha das veces que volvo a Galicia, é a emoción de ver unhas das paisaxes mais fermosas, e sentir a emoción que me produce a volta ó fogar. Non sei o porqué dese sentimento, pero si recoñezo a súa forza... teño a sorte de ser galego, e teño a sorte de que eiquí nazan as máis fermosas das árbores, os carballos, teño a sorte de ter a máis fermosa das fins do mundo, a Costa da Morte... e teño a sorte de ter unha lingua única e que me fai distinto e especial, O GALEGO!

Pedro Nimo
Deportista

DO GALEGO